

INSTRUCCIÓN XERENCIAL 10/2023, DO 29 DE SETEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 5 DE OUTUBRO DE 2018 SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Con data 5 de outubro de 2018 ditouse instrución da Xerencia sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Universidade de Vigo.

En virtude da instrución mencionada no parágrafo anterior, a Universidade de Vigo vén completando, durante todo o período de duración da incapacidade temporal, a todo o persoal funcionario, laboral e persoal laboral de proxectos e convenios, con excepción dos/as bolseiros/as, a prestación por incapacidade temporal que corresponda no Réxime Xeral da Seguridade Social ata alcanzar o cento por cento das retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal.

Así mesmo, esta Universidade consonte co disposto tamén na devandita instrución estaba garantindo que todo o persoal funcionario incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo (MUFACE) ao servizo da Universidade de Vigo, en situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, percibise durante o período que non comprendía a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no dito Réxime, o cento por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal; estándose ao previsto na súa actual normativa reguladora para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no Réxime de Mutualismo Administrativo. O 2 de decembro de 2019 ditouse por parte da Xerencia instrución complementaria pola que se modificaba a instrución do 5 de outubro de 2018 engadindo para as situacións de incapacidade temporal do persoal incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo (MUFACE) o seguinte: *Para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no Réxime de Mutualismo Administrativo, a Universidade de Vigo complementará o subsidio que corresponda a MUFACE,*



ata alcanzar o cen por cen das retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal e durante todo o período de duración da mesma (365 días), incluída a súa prórroga (180 días).

En virtude das normas indicadas, ou das correspondentes de aplicación en exercicios anteriores, a Universidade de Vigo procedeu a complementar as prestacións por incapacidade temporal do seu persoal, tanto no réxime xeral como nos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo, ata o cen por cen das súas retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal.

Non obstante, unha vez constatado en virtude das reclamacións presentadas por varias persoas pertencentes a diversos colectivos de persoal desta universidade que a estas persoas non lles foran aboados, durante a situación de IT, os dereitos retributivos correspondentes ás subidas salariais e ao perfeccionamento doutros complementos retributivos como poden ser trienios, quinquenios, sexenios, etc. ao non estar previsto na normativa aplicable, ditouse Resolución do 22 de maio de 2023, sobre aboamento dos dereitos retributivos reclamados correspondentes á subida salarial e ao perfeccionamento de complementos retributivos durante a situación de incapacidade temporal, polo que se ordenou ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais o aboamento a estas persoas dos mencionados dereitos retributivos que obtiveran mentres permaneceron en incapacidade temporal.

En consecuencia, e co fin de que por parte do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais se proceda de maneira ordinaria e automática ao pagamento dos novos dereitos retributivos que lle sexan recoñecidos ao persoal durante a súa situación de incapacidade temporal e non sómente o complemento da prestación por IT que garanta a percepción do cen por cen das súas retribucións correspondentes ao mes de inicio da mesma, faise necesario proceder a unha nova modificación da mencionada instrución do 5 de outubro de 2018.



Polo tanto, ESTA XERENCIA RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a base primeira da instrución da xerencia do 5 de outubro de 2018 sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Universidade de Vigo, quedando redactada da seguinte maneira:

O persoal incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social ao servizo da Universidade de Vigo que se atope na situación de incapacidade temporal, percibirá durante a duración da mesma, as retribucións básicas e complementarias na mesma contía que lle correspondería en caso de non atoparse nesta situación de IT.

Segundo.- Modificar a base segunda da instrución da xerencia do 5 de outubro de 2018 sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da universidade de Vigo, quedando redactada da seguinte maneira:

O persoal incluído no Réxime de Mutualismo de Funcionarios da Administración Civil do Estado (MUFACE) ao servizo da Universidade de Vigo que se atope na situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, percibirá durante o período que comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal as retribucións básicas e complementarias na mesma contía que lle correspondería en caso de non atoparse nesta situación de IT.

O persoal deberá remitir ao Servizo de Retribucións e Seguros Sociais a resolución de MUFACE na que se lle recoñece o importe do subsidio, aos efectos do cálculo polo Servizo de Retribucións e Seguros Sociais da diferenza retributiva que lle corresponda pagar pola Universidade de Vigo durante esta situación de I.T.

Terceiro.- A presente instrución terá efectos desde o día da súa publicación e seralle de aplicación desde a súa entrada en vigor a todo o persoal empregado da Universidade de Vigo que se atope na situación de incapacidade temporal aínda que o comezo da situación se producise con data anterior a da entrada en vigor.



Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso e alzada perante a Reitoría da Universidade de Vigo, no prazo de un mes contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo, 29 de setembro de 2023

A Xerenta

Yolanda Trinidad Lesmes Romero

(Documento asinado dixitalmente)

SECRETARIA XERAL

XEFA SERVICIO DE RETRIBUCIÓN E SEGUROS SOCIAIS

XEFE DE PAS

XEFE DE PDI

PRESIDENTES/AS DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PAS

PRESIDENTES/AS DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PDI

